Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

INFORME DA INTERVENCIÓN

Datos del Expediente:

Nº Expediente:	2026/E004/000001
Fecha expediente:	31/03/2026
Obxecto:	RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE COIRÓS

De conformidade co artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación coa aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello, emito o seguinte, **INFORME:**

1.- ANTECEDENTES

1º. Proposta de Relación de Postos de Traballo para o Concello de Coirós de data 06/10/2026, sometida á Mesa Xeral de Negociación na sesión constitutiva celebrada o 09/10/2026.

O documento está composto por:

1. Manual de valoración

2. Fichas de valoración do CE

3. Organigrama

4. Fichas de funcións

2º. Informe emitido pola Secretaría en data 06/10/2026.

3º. Proposta de Relación de Postos de Traballo para o Concello de Coirós de data 21/10/2026, sometida á Mesa Xeral de Negociación na sesión celebrada o 23/10/2026 e aprobada por unanimidade dos seus membros con dereito a voto.

4º. Proposta de Relación de Postos de Traballo para o Concello de Coirós de data 29/10/2026 (documento para aprobación inicial polo Pleno da Corporación).

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

- Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: nuXe915NmklDUnbeMqzh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

3.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

3.1.- Características e natureza da Relación de Postros de Traballo.

O artigo 90.2 da LBRL establece que *"Las Corporaciones Locales formarán la relación de puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública. Correspondera al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confecionarse las RPT, la descrición de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores."*

En liña co anterior, o Estado regula no artigo 74 Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Devanditos instrumentos serán públicos.

Así pois será na RPT onde se recollerá os complementos de destino e específico que deberá percibir cada traballador, segundo o seu posto e as características do mesmo; correspondendo ao Pleno a súa aprobación e modificación en virtude do establecido no artigo 22,2,i) da LBRL: *"la aprobación de la plantilla de personal y de la relación de puestos de trabajo, la fijación de la cuantía de las retribuciones complementarias fijas y periódicas de los funcionarios y el número y régimen del personal eventual"*.

Polo tanto, calquera modificación das retribucións complementarias implicará a modificación da RPT no caso de estar xa aprobada, ou a obriga de aprobala en caso de non existir.

En todo caso, para a modificación do Complemento do destino e específico é necesario que previamente se realice unha valoración de dito posto de traballo, funcións, especialización, responsabilidade, competencia e mando. Unha vez valorados os postos, terase que proceder polo Pleno a aprobación da RPT.

En liña co anterior, o artigo 38, da Lei de emprego público de Galicia, aplicable as entidades locais, establece o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: nuXe9i5NmklDUnbeMqzh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

"1. La relación de puestos de trabajo es un instrumento técnico de carácter público que incluye todos los puestos de trabajo de naturaleza funcionarial y laboral existentes en cada una de las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley.

2. A través de la respectiva relación de puestos de trabajo, las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley estructuran su organización, clasifican los puestos de trabajo existentes en su ámbito y determinan su contenido para la selección y provisión de los mismos, procurando organizar, racionalizar y ordenar el personal en orden a facilitar una eficaz prestación de los servicios públicos.

3. Los presupuestos reflejarán los créditos correspondientes a las relaciones de puestos de trabajo, sin que pueda existir ningún puesto que no esté dotado presupuestariamente.

4. Las relaciones de puestos de trabajo incluirán, como mínimo, por cada puesto:

a) El código alfanumérico, denominación y naturaleza jurídica.

b) La clasificación profesional.

c) El sistema de provisión.

d) La adscripción orgánica.

e) El complemento retributivo del puesto.

f) Los requisitos, méritos, capacidades y, en su caso, experiencia o categoría profesional para su provisión.

g) Cualesquiera otras circunstancias relevantes para su provisión en los términos previstos reglamentariamente."

Coa sentencia de 5 de febreiro de 2014, do Tribunal Supremo, este cambia a súa doutrina en relación coa natureza das RPT, xa que establece que son actos administrativos e non disposicións xerais, polo que non son recorribles en casación.

Durante todo o proceso haberá de cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na normativa vixente en materia de transparencia.

3.2.- Procedemento de aprobación da RPT.

O procedemento de aprobación da Relación de Postos de Traballo é o seguinte:

A. Polo Servizo Municipal correspondente deberá formarse a relación de todos os postos de traballo existentes na organización municipal, incluíndo respecto de cada un deles os seguintes datos: denominación, tipo e sistema de provisión dos mesmos, os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, cando haxan de ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: nuXe915NmklDUnbeMqzh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O artigo 24 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, non mantén a denominación de complemento de destino, senón que se refire a «factores» para determinar as retribucións complementarias. En todo caso, a equivalencia do complemento de destino sería a letra a) do citado artigo 24.

B. En base a devandita información e aos informes que considere oportuno, pola Alcaldía formularase proposta de Relación de Postos de Traballo para a súa tramitación.

C. Dita proposta deberá ser obxecto de consulta ou negociación cos representantes dos funcionarios e do persoal laboral.

A Relación de Postos de Traballo deberá ser informada pola Intervención Municipal.

D. Previo Ditame da Comisión Informativa correspondente (órgano non preceptivo no Concello de Coirós), compete ao Pleno a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo, por maioría simple.

E. Exporase ao público a mencionada relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, durante os cales as interesadas poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

F. Unha vez aprobada a Relación de Postos de Traballo, no prazo de trinta días, remitirase copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da Comunidade Autónoma respectiva. A Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, xunto co resumo do orzamento.

No presente expediente, ata este iter procedimental observouse o procedemento legalmente establecido na tramitación da RPT.

3.3.- Análise da RPT e de cumprimento da lexislación orzamentaria.

De acordo coa lexislación analizada no punto 3.1 deste informe, a elaboración e aprobación dunha RPT é unha obriga para as Entidades Locais, á que se da cumprimento con este documento.

A RPT que se somete a informe contén todos os postos de traballos existentes a día de hoxe nesta Corporación (coincide co cadro de persoal aprobado anualmente co orzamento do exercicio 2026), e créanse 12 postos novos, así como as formas de provisión (libre designación ou concurso), e os diferentes complementos de destino e específicos reservados para cada posto, establecéndose as características xerais dos postos a desempeñar.

Descoñécese se as funcións atribuídas a cada posto, as súas condicións particulares, etc... son exactamente as que se deberían exercer, posto que esta materia é obxecto da negociación previa. Ademais constan no expediente as actas das reunións da Mesa de Negociación, marco onde se tiñan que analizar estes aspectos. Non obstante, debe aclararse que as funcións que se recollen

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: nuXe9I5NmklDUnbeMqzh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

na RPT son de carácter xenérico, sen que sexa posible detallar pormenorizadamente todas e cada unha das función que son propias de cada posto de traballo.

Coa aprobación da RPT e a oportuna valoración de postos disponse por vez primeira dun organigrama no que se organizan os efectivos municipais; mudan os niveis e complementos específicos do persoal funcionario, creándose novos postos por necesidades estruturais e permanentes

Considero que a proposta de RPT presentada cumpre os requisitos mínimos esixidos no artigo 38.4 da Lei de Emprego de Galicia.

Esta Interventora non entra a valorar as técnicas ou criterios de valoración empregados na RPT, xa que considera que estes deben ser obxecto da negociación realizada entre representantes dos traballadores e do Concello, en todo caso deben ser obxectivos e aplicables en termos igualitarios.

En canto ao cumprimento da normativa orzamentaria aplicable, o Estado non aprobou a data da sinatura do presente informe a Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2027, se ben a Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (actualmente prorrogada para o 2026) establece no seu artigo 19:

“Dos. 1. En el año 2023, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar un incremento global superior al 2,5 por ciento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2022, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo

O apartado sétimo do mesmo artigo, continua: *“Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objectivos fijados en el mismo.”*

A determinación do cumprimento por esta RPT do establecido no artigo 19, cabe analizalo primeiro en relación co persoal que xa existe no Concello, e logo en relación cos postos de nova creación.

● En relación co persoal que consta no cadro de persoal do Orzamento municipal (xa que non existe RPT previa):

O documento presentado parte da inexistencia dunha previa RPT, polo que non temos un documento previo con criterios obxectivos de valoración das retribucións complementarias dos distintos postos de persoal funcionario. Proponse unha RPT na que se modifica a retribución de determinados postos de traballo, de xeito particularizado e diferente para cada un deles, cunha xustificación específica reseñada na propia RPT.

Estes aumentos retributivos derivan dunha adecuación das retribucións complementarias, para asegurar que as asignacións a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade do mesmo. Ademais, derivada desta valoración que se realiza por vez primeira, todos os postos sofren

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: nuXe915NmklDUnbeMqzh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

incrementos retributivos, algúns en contía moi relevante e outros sensiblemente, pero en ningún caso as variacións son lineais.

Estes razoamentos, que posibilitan subidas salariais xustificadas, son acollidos pola xurisprudencia, como sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Ourense de 29 de abril de 2016.

En conclusión, estariamos aplicando a excepcionalidade do apartado sétimo do artigo 19, que permite adecuacións retributivas polo contido dos postos en casos excepcionais, motivada pola valoración adecuada dos complementos que percibe o persoal, baseada en criterios obxectivos; tendo en conta ademais que non se busca unha suba xeneralizada de salarios, pois existen postos que experimentan un lixeiro aumento, e outros (os que tiñan unha retribución máis baixa) experimentan incrementos moi importantes.

A proposta de RPT, segundo os datos extraídos da Memoria Económica (apartado 7), tradúcese nun importe do capítulo 1 de persoal de 1.225.623,18 euros (inclúe retribucións básicas con trienios, complementarias e seguridade social), o que supón un aumento de 194.008,57 euros (18,81%) respecto ao capítulo 1 do vixente orzamento do 2026. No orzamento do exercicio 2027, que se levará ao pleno ordinario do mes de novembro, debe recollerse a dotación orzamentaria correspondente en previsión da súa entrada en vigor o 01/01/2027.

4.- CONCLUSIÓN.

A vista do exposto, esta Intervención **informa favorablemente** a proposta de Relación de Postos de Traballo do Concello de Coirós de data 29/10/2026.

No entanto, a Corporación acordará o que estime procedente.

Coirós, a xoves 29 de outubro de 2026.

A interventora

Asinado: María Cristina Varela García

Enterado,

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: nuXe915NmklDUnbeMqzh Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/